

01 -08-2012

Boletín do estado actual do mildiu no Salnés

Risco a curto prazo (esta mesma semana)

A predición meteorolóxica indica que estes días serán favorables á infección secundaria por mildiu polo que convén extremar a vixilancia, visitar as parcelas e tratar se hai sinais de infección ou fai máis de 10 días que non o facemos.

Nesta semana tan só se prevén choivas para hoxe aínda que tamén é posible que se estendan de forma moi feble á fin de semana. Ademais, o clima seguramente seguirá sendo favorable ao mildiu a curto e medio prazo polo que convén facer visitas regulares sobre todo se nas primeiras non se detectan síntomas e decidimos non renovar tratamentos. Dado que é posible que a semana que ven o tempo siga revoltado outra alternativa, se é que non podemos visitar regularmente as parcelas ou non queremos correr riscos, sería deixar pasar o mércores desta semana e tratar entre o xoves e o venres se levamos máis de 10 días sen facelo ou se os tratamentos anteriores non foron efectivos.

Risco a medio prazo (semana próxima)

Tanto no que resta de semana coma durante a semana que ven o tempo estará inestable con posibilidade de choivas coma as que se prevén para hoxe mesmo e, nalgúns servizos de predición, o venres que ven.

Na situación actual os ciclos de infección de mildiu potencialmente iniciados durante a semana pasada (e que se manifestaron nalgunhas parcelas) poderían proliferar a mediados da presente semana e seguir dando problemas a medio prazo polo que a evolución do risco será negativa.

Estratexia xeral recomendada

Recomendamos visitar as parcelas entre hoxe e o xoves e tratar entre o xoves e o venres se vemos síntomas ou se fai máis de 10 días que non tratamos. No caso de parcelas que tivesen problemas de mildiu nos derradeiros 15 días recomendamos rebaixar a carencia de tratamentos e non deixar pasar máis de 8 días para realizar a seguinte aplicación. Coma sempre, á hora de renovar tratamentos, aqueles viticultores que teñan problemas con infeccións anteriores deberán pedir consello os técnicos sobre a materia ou materias activas a empregar. En todo caso, teñan ou non problemas para controlar as infeccións, deben cambiar de familia de materia activa a lo menos cada tres aplicacións para previr resistencias.

Días recomendados para dar os seguintes tratamentos

Salvo a tarde de hoxe calquera día da presente semana sería válido para renovar tratamentos aínda que, dado que entre hoxe e o venres se prevén condicións favorables á infección secundaria convén que de renovar tratamentos anti-mildiu se faga ente o xoves e o venres.

Un cordial saúdo,
plataforma SICOM do proxecto Viñas Atlánticas